


15

Ollos abertos

O fundador

Houbo persoas que fixeron grandes obras a favor dos demais. Así mesmo, cando morreron esas persoas, as súas obras continuaron, porque houbo quen foi capaz de prolongalas.



Unha boa iniciativa

Era un suburbio dunha grande cidade do Terceiro Mundo. Non había nel escolas para os nenos nin traballo para os mozos.

Un misioneiro, preocupado por aquela situación, creou un centro educativo con gardería infantil, escola, campos de xogo, talleres para aprender oficios.

Coa axuda de persoas xenerosas, en poucos meses foise enchendo aquel centro de nenos e adolescentes, que xogaban e aprendían a ler e escribir, a convivir e comportarse correctamente.

Todo funcionaba ben co seu traballo e o gran cariño que tiña aos nenos. Pero sobreveu algo inesperado: un accidente acabou coa vida do misioneiro.

■ Imaxinámonos como rematou a obra daquel misioneiro.

- ▶ Cada un de nós imaxínase un final: ¿Como rematou a obra do misioneiro?
- ▶ Poñémolo en común.



Mirada penetrante

Os continuadores

Como este misioneiro houbo e hai persoas, grupos, organizacións dedicadas a facer o ben a xente necesitada. Os fundadores destas organizacións desexaron que as súas obras continuasen e se estendesen a outros lugares.

■ Persoas que fixeron obras importantes

- ¿Cales destas persoas ou organizacións coñeces?
- Continúa a serie.

- A obra de Tareixa de Calcuta

- A Cruz Vermella

- _____

- _____

- _____



► ¿Que pasaría se deixasen de existir estas obras?

- ¿Que será necesario para que sigan existindo e facendo ben aos demais?
- Se ti foses un fundador, ¿que organización ou movemento che gustaría fundar?
- ¿Que farías, como fundador, para que outros continuasen o teu labor e a obra seguise existindo moitos anos?



Oídos atentos

Os apóstolos e os primeiros cristianos

Xesús veu para cumplir a misión que o Pai lle encomendara. Pero El quería que a súa obra continuase e se estendese por todo o mundo.

■ Nace a Igrexa por mandato de Xesús

Cando sobe ao ceo, envía aos apóstolos a realizar a mesma misión que El recibira do Pai:

■ Xesús... díxolle:

-Como o Pai me mandou a mi, tamén eu vos mando a vós. (Xn 20,21). Ide, pois, e facede discípulos meus en todos os pobos, bautizándoo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo, e ensinándolle a gardar todo o que eu vos mandei. E sabede que eu estou convosco todos os días ata a fin dos tempos. (Mt 28,18-20)



■ Os Apóstolos, coa forza do Espírito Santo, continúan a obra de Xesús:

- Anuncian a todos que Xesús resucitou.
- Realizan signos no medio do pobo: curan enfermos, expulsan demos, resucitan mortos...

■ Moitos acollen a palabra dos apóstolos, son bautizados e intégranse na comunidade.

■ Pouco a pouco a Igrexa vaise estendendo por todas as partes.



► ¿Que representa este debuxo?

■ 2 ■ A vida da Igrexa

Os que formaban a comunidade tiñan unha forma de vivir propia que os distinguía dos demais:

Na comunidade dos cristiáns, todos...

-
-
-
-
-
-
- Son animados polo Espírito Santo.
- Son presididos por Pedro e os apóstolos.



■ Eran perseverantes en escoitar a ensinanza dos apóstolos, na comuñón de vida, en partir o pan e nas oracións...

Todos os crentes vivían unidos e tíñano todo en común; vendían os seus bens e propiedades, e repartían entre eles, conforme ás necesidades de cada un. Todos a unha asistían diariamente ao templo, partían o pan nas casas, comendo con alegria e sinxeleza de corazón, loaban a Deus e eran ben vistos por todo o pobo.

O Señor cada día aumentaba o número dos salvados e xuntábaos ao grupo.
(Feit 2,42-47)

■ A Igrexa... progresaba na fidelidade ao Señor, e coa asistencia do Espírito Santo, ía aumentando en número. (Feit 9,31)

► Podemos aplicar á primeira comunidade de cristiáns, seguidores de Xesús, as seguintes calidades. Une con frechas cada frase da primeira columna coa palabra correspondente da segunda.

Os primeiros cristiáns

Escoitan a Palabra de Deus.
Oran ao Señor.
Son animados polo Espírito Santo.

-
-
-
-
-
-

Características da comunidade

-
- Relixiosa
-
-
- Universal
-
- Espiritual

- ¿Quen anima á Igrexa?
- ¿Quen dirixe á Igrexa?
- ¿Quen pertence á Igrexa?



Memoria esperta

Os comezos da Igrexa

A Igrexa recorda sempre con cariño os seus comezos e invítanos a que os coñezamos e así amemos de verdade esta comunidade da que formamos parte.

- ¿Como fundou Xesucristo a súa Igrexa?
- ¿Como era a vida da primeira comunidade cristiá?

- ¿Para que fundou Xesús a súa Igrexa?
- ¿Que función tiñan na comunidade Pedro e os demás apóstolos?



Mans activas

Coma os primeiros cristiáns

Os cristiáns de hoxe miramos á Igrexa dos comezos, aos primeiros cristiáns, porque temos moito que aprender das súas actitudes e comportamentos.

■ Os primeiros cristiáns

Dos primeiros cristiáns admiramos:

-
-
- A obediencia ao Espírito Santo, que os guiaba en todas as súas actividades.
- A unión entre eles, compartir os bens, a solidariedade cos pobres.
-
-

► ¿En que admiramos máis aos primeiros cristiáns?

■ Queremos ser coma eles

Nós hoxe sentímonos contentos de pertencer á Igrexa e queremos levar á práctica as ensinanzas que nos deron os primeiros cristiáns. Por iso estamos chamados a ser:

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">•••••••• | <ul style="list-style-type: none">• Falar con Xesús e celebrar xuntos a fe.• Seguir as orientacións da Igrexa.• Anunciar a Xesús aos que non o coñecen.• Manifestar de palabra e obra a nosa fe en Xesús.• Acoler e vivir as ensinanzas de Xesús.• Compartir e servir aos máis necesitados.• Estar disposto a dar a vida por Xesús, se fose necesario. |
|---|--|

► Une con frechas cada palabra da columna da esquerda coa frase correspondente da columna da dereita.